LA STRADA

[Federico Fellini, 1954, 104’]

Idioma **Italiano** Guión **Tulio Pinelli, Federico Fellini, Ennio Flaiano**
Fotografía **Otello Martelli** Montaxe **Leo Cattozzo** Música **Nino Rota**
Produción **Dino de Laurentis, Carlo Ponti** Distribución **Classic Films**
Reparto **Anthony Quinn, Giulietta Masina, Richard Basehart, Aldo Silvani, Marcella Rovere, Livia Venturini**

Trala morte do seu pai, Gelsomina é vendida pola súa propia nai a un artista ambulante chamado Zampanò. Malia o carácter violento e agresivo deste, a moza séntese atraída polo estilo de vida da *strada*, sobre todo cando Zampanò a inclúe como parte do seu espectáculo. A pesar do ofrecemento de moitos personaxes que se vai atopando polo camiño para que se una a eles, Gelsomina móstrase fiel a Zampanò até os límites da súa vontade.

León de Prata no Festival de Venecia, 1954.
Oscar ao Mellor Filme de Fala Non Inglesa, 1956.

VINDEIRAS SESIÓNS: FEDERICO FELLINI

MARTES 11.2.2020 ás 20:30 h
AS NOITES DE CABIRIA (1957, 110 min., VOSE)

MARTES 18.2.2019 ás 20:30 h
FELLINI, 8 ½ (1963, 138 min., VOSE)

www.facebook.com/cineclubepontevedra · cineclubepontevedra.blogspot.com.es
twitter.com/CineclubePo · instagram.com/cineclubepontevedra

Organiza:

CINECLUBE PONTEVEDRA

Coa colaboración de:

CONCELLO DE PONTEVEDRA · TEATRO PRINCIPAL Concello de Pontevedra · FEDERACIÓN DE CINECLUBES DE GALICIA · AGADIC Axencia Galega das Industrias Culturais · XUNTA DE GALICIA

FS#117
4.2.2020

LA STRADA

FEDERICO FELLINI

CINECLUBE PONTEVEDRA

FACER UNHA PELÍCULA FEDERICO FELLINI (I)

Como contar de que xeito nace a idea dun filme? Cando e de onde vén, cales son os itinerarios, a miúdo inconexos ou disimulados que percorre? Pasaron vinte e cinco anos dende que rodei *La strada* e resúltame difícil recordar. Cando remato un filme afástase de min para sempre, levando todo consigo, mesmo os recordos. Cando digo que un filme pode nacer dun detalle insignificante: a impresión dunha cor, a lembranza dunha mirada ou un motivo musical que retorna ao oído da memoria obsesivo e candente durante días enteiros; cando digo estas cousas non estou certo de ser completamente sincero, e cando mas lembran, síntome ridículo. Se cadra, a miña expeditiva impaciencia en relación con este tipo de averiguacións nace de que a miúdo as causas orixinais dun proceso creativo poden semellar de súpeto improbables, mesmo algo cómicas, insoportablemente manidas, francamente falsas, ou dotadas dunha profunda e embarazosa gratuidade.

Por que fago precisamente este filme e non outro? Non quero sabelo. As razóns son escuras, inextricables e confusas. A única razón declarable honradamente é a sinatura dun contrato: asino, cobro un anticipo e logo, xa que non quero restituílo, estou obrigado a facer o filme. Ao principio de *La strada* só había un sentimento confuso do filme, unha nota suspendida que proporcionaba tan só unha melancolía indefinida, un sentido de culpa difuso coma unha sombra; vago e doloroso, composto de recordos e presaxios. Este sentimento suxería insistentemente a viaxe de dúas criaturas que estaban fatalmente xuntas, sen saber por que. A historia naceu con moita facilidade: as personaxes apareceron espontaneamente, traían outras consigo, coma se o filme estivese preparado dende había tempo e agardase só ser atopado. Que foi o que me fixo atopalo? Ante todo, coido, Giulietta. Había moito que quería facer un filme para Giulietta: paréceme unha actriz singularmente dotada para expresar os estupores, os sustos, o frenético xúbilo e o cómico escurecemento dun pallaso. Giulietta é precisamente unha actriz-pallaso, unha auténtica pallasa. Esta definición, para min gloriosa, é acollida con fastío polos actores, que se cadra sospeitan que encerra algo pouco digno, tosco. Equivócanse: na miña opinión, o talento pallasil dun actor é a súa dote máis preciosa, a marca dunha aristocrática vocación pola arte escénica.

Así, pois, aparecéuseme Gelsomina: coas roupas de pallaso, e axiña, a canda ela, por contraste, unha sombra maciza e escura, Zampanò. E, naturalmente, a estrada, o circo cos seus trapos de cores, a súa música ameazadora que rompe corazóns, ese aire de fábula feroz... Cando lle indiquei a Pinelli, aínda confuso, como podía ser o filme, puxéronselle vermellas as orellas do estupor, e axiña me dixo que durante as vacacións de verán, mentres cabalgaba polas súas ilimitadas propiedades no campo toscano, tamén el fantaseara con historias de personaxes errantes; un conto de picaresca, ciganos e saltimbanquis. Falamos con fervor durante a tarde, coma se Gelsomina e Zampanò se contasen a historia da súa vagabundaxe, dos seus encontros, da súa vida. Os campos, as vilas, os vales daquela viaxe eran, para min, os dos Apeninos toscano-romañolos. No inverno, cando era neno, dende aquelas montañas de cor plúmbea, anunciados polos bramidos de terror dos cochos —que os oían chegar dende o fondo das súas cortes—, descían os seus castradores, cos coitelos afiados arredor do bandullo, coma nos cadros de Brueghel.

Durante un tempo debín ter un caderno onde consignaba todo o que me parecía que tiña que ver co filme, apuntamentos ou notas que debían semellarse a algo do estilo: «Nun silencio de milagre neva sobre o mar. Composicións indescifrables das nubes. Na noite clara, o canto do reiseñor enche o ceo e logo cala de vez. Os trasnos do mediodía de agosto que anoxaban a quen se adurmiñaba coa boca aberta baixo as aciñeiras...». Os primeiros apuntamentos sobre o filme eran deste tipo. Mais, que querían dicir?, que filme era? En Gambettola había un neno, fillo de campesiños, que contaba que cando o boi muxía na corte, el vía saír do muro unha gran lámina vermella, unha especie de longuísima alfombra que flutuaba no aire, atravesáballe a cabeza baixo o ollo esquerdo e esvaecíase aos poucos no reverbero do sol. Este neno dicía que unha vez vira dúas grandes esferas de prata desprenderse da torre do campanario mentres o reloxo daba as dúas, e que lle atravesaron tamén a cabeza. Era un neno estraño, e Gelsomina debía ser un pouco así.

Se fose aínda máis impúdico do que son, podería indicar outros motivos máis profundos, que seguro lles deron vida na fantasía ás personaxes e ao relato da súa historia: remorsos, nostalxias, lamentos, a fábula da inocencia traizoada, a apenada esperanza dun mundo límpido feito de relacións confiadas, e a imposibilidade e a traizón de todo isto; en definitiva, todo o confuso, escuro sentimento de culpa alimentado, incrementado, administrado con incansable coidado pola extorsión católica. Para remontarse a tales raíces faría falla a axuda dun psicanalista xenial.

Coido que o filme fíxeno porque namorei daquela nena-velliña, un pouco tola, un pouco santa, daquel desordenado, gracioso, desgraciado e tenrísimo pallaso que chamei Gelsomina e que aínda hoxe consegue enfastiarme de melancolía cando escoito o son da súa trompeta.

FELLINI, F. (1999). *Hacer una película*. Barcelona: Ediciones Paidós.
Tradución ao galego: Cineclube Pontevedra.